

domésticos e industriais. Deste xeito quedan prohibidas as utilizacións desta auga para o rego de fincas, xardíns, piscinas, lavado de automóbiles e cantos destinos que non sexan o estricto domiciliario e industrial.

*Art. 9*

O Concello en ningún caso garante a calidade do subministro, nin se responsabiliza dos posibles danos e perdas ou deterioros que poidan causar nos bens, a falla ou insuficiencia da presión no caudal da auga.

*Art. 10*

O Concello, por Resolución da Alcaldía, pode ordena-lo corte do subministro de auga a calquera usuario que empregue a auga para os usos prohibidos a que se refire o art. 8), sobre todo na época do verán, xa que a seca é moi notoria.

*Art. 11*

O Concello en calquera momento pode por medio do persoal que designe, inspeccionar e vixialas conduccións de auga, as instalacións, os contadores, etc., nos predios particulares.

*Art. 12*

Se polo mal funcionamento do contador non puidera sáberse o consumo efectuado, a facturación realizarase segundo o prometio dos tres últimos meses, ou períodos similares dos semestres anteriores.

*Art.13*

O petionario do servizo de subministro de auga deberá xustificar se é para uso domiciliario ou para uso comercial ou industrial.

*Art. 14*

Se o subministro de auga está a nome do propietario do inmovible e este cede o dominio por calquera dos medios admitidos no dereito privado a favor dun terceiro, é necesario que o comunique ao Concello no prazo máximo dun mes, dende a data do cambio da transmisión da propiedade ou do uso.

*Disposición adicional*

En todo o non previsto na presente ordenanza, así como na regulación do presente servizo municipal, estarase ao disposto no Regulamento do servizo municipal de abastecemento domiciliario de auga potable, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de maio de 2002 e publicado definitivamente no B.O.P. núm. 152, correspondente ao día 9 de agosto de 2002.

*Disposición final*

A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no B.O.P. e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xullo de 2005, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Rodeiro, 21 de xuño de 2005.—O Alcalde en funcións, José Luis Fernández Fafián, o Secretario, José M<sup>a</sup> Novo Ramos. **2005006141**

E D I C T O

Sendo aprobado de xeito definitivo o Regulamento de funcionamento da Biblioteca Municipal do Concello de Rodeiro, de conformidade co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, publícase como anexo o texto íntegro da mesma, entrando en vigor transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da devandita Lei.

ANEXO

REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO  
DA BIBLIOTECA MUNICIPAL DO CONCELLO  
DE RODEIRO

A biblioteca pública é un servizo de existencia obrigatoria dos especificados no artigo 26.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, para todos os concellos que teñan máis de 5.000 habitantes, ou que conten cun núcleo urbano con poboación superior a 1.000 habitantes.

A competencia municipal respecto a esta materia está recoñecida nos artigos 25.2.m) da antedita Lei 7/1985, do 2 de abril e 80.2. da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, baixo o título “Actividades e instalacións culturais”.

Para redactar este regulamento tivéronse en conta as disposicións da Lei do Parlamento de Galicia 4/89, do 11 de outubro, de bibliotecas e maillo Decreto da Xunta de Galicia 24/95, do 20 de xaneiro, dos centros bibliotecarios fixos.

En consecuencia, apróbase o presente regulamento, polo que se establece o funcionamento Biblioteca Pública Municipal “Manuel Lamazares”, declarando expresamente o carácter de servizo público adscrito á Concellaría de Cultura.

CAPITULO I

ORGANIZACION E SERVIZOS  
DA BIBLIOTECA

*Artigo 1.—Servizo público da biblioteca e forma de xestión.*

• A Biblioteca do Concello de Rodeiro é un servizo público de titularidade municipal e de carácter

ter obrigatorio que se presta en exercicio da competencia que prevé o artigo 25.2. m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

- O Concello xestiona directamente o servizo da biblioteca municipal, a través da Concellería de Cultura, tendo a súa sede no Centro Cultural Municipal “Manuel Lamazares” de Rodeiro.

- A biblioteca pública municipal de Rodeiro está integrada na Rede de Bibliotecas de Galicia pola Orde da Cosellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo do 30 de setembro de 1999 (DOG. nº 209, do 28 de outubro de 1999) e con data de 31/10/2000, segundo o convenio asinado entre o Concello de Rodeiro e a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, e inscrita no Rexistro de Bibliotecas de Galicia.

#### *Artigo 2.—Finalidades da biblioteca*

- A biblioteca municipal é unha institución que ten por finalidade facilitarlle ós cidadáns o exercicio do dereito á cultura e á información, divulgar a lectura e promover especificamente a lingua e a cultura galegas.

- A través da biblioteca municipal o Concello fomentará a lectura como medio de acceso ó pensamento e ás ideas humanas. Con esa finalidade desenvolverá periódicamente campañas de animación á lectura, especialmente entre os máis novos.

#### *Artigo 3.—Rede de bibliotecas municipal*

- A rede de bibliotecas municipal está composta pola biblioteca municipal, e as axencias de lectura que no futuro se puidesen crear.

- A biblioteca “Manuel Larnazares” é o punto principal da rede municipal de bibliotecas onde se centralizan as adquisicións de fondos, a organización e a catalogación.

- As axencias de lectura que se puidesen crear nun futuro son puntos bibliotecarios municipais dependentes da biblioteca municipal “Manuel Larnazares”.

- A dirección técnica correspóndelle ó bibliotecario.

#### *Artigo 4.—Dos fondos bibliográficos.*

- Os fondos bibliográficos están compostos polas adquisicións propias con cargo ós orzamentos municipais e ás doazóns de particulares ou entidades. Estarán a disposición do público debidamente catalogados e clasificados en diferentes seccións.

- A biblioteca municipal disporá dun catálogo dos fondos, con acceso para o usuario. Os catálogos responden á normativa internacional e, nun futuro próximo, os datos presentaranse informatizados, con descrições baseadas no formato MARC.

- A biblioteca municipal de Rodeiro disporá de publicacións periódicas, arquivándose na biblioteca aquelas que se consideran de interese, sendo norma xeral o arquivo durante unha semana para os xornais e un ano para as revistas.

- Os fondos, bibliográficos ou non, atópanse a disposición do público, de xeito gratuíto, para consulta nas salas ou préstamo a domicilio. O usuario terá ó seu dispor desideratas a través das que poderá propor novas adquisicións.

#### *Artigo 5.—Servizos da biblioteca*

- A biblioteca pública municipal presta os seguintes servizos básicos:

- Información bibliográfica
- Consulta en sala
- Préstamo a domicilio
- Hemeroteca
- Sección infantil-xuvenil
- Sección local
- Acceso a Internet
- Fotocopiadora

- A biblioteca terá unha sección local onde se conservarán obras e documentación relativas ó municipio ou de escritores que teñan relación co mesmo.

- A biblioteca dispón dunha sala de medios audiovisuais composta de equipos de ordenadores, para a reprodución de música e para a visión de vídeos que o usuario poderá utilizar. Así mesmo dispón dun fondo de discos compactos, CD-ROM e vídeos que serán obxecto de préstamo e utilización nesta sala.

- O Director da biblioteca deberá posuír titulación universitaria e contar con formación técnica nesa especialidade.

- O persoal auxiliar deberá ter unha titulación mínima de graduado escolar e posuír coñecementos de biblioteconomía básica.

#### *Artigo 6.—Horario de atención ó público.*

- O horario de atención ao público da biblioteca municipal será de alomenos 35 horas á semana de luns a venres.

- Durante a tempada de verán adoptárase un horario continuado de mañá durante cinco días á semana.

- O horario de atención ó público figurará, en lugar visible, na entrada da biblioteca.

#### *Artigo 7.—Coordinación cos centros escolares.*

O Concello promoverá a coordinación do funcionamento da biblioteca municipal coa do centro escolar do municipio, de conformidade coas directrices que sinale a Xunta de Galicia.

## CAPITULO II

## USUARIOS DAS BIBLIOTECAS

*Artigo 8.—Acceso á biblioteca*

Recoñéceselle a tódalas persoas o dereito a acceder en condicións de igualdade e sen discriminacións ás dependencias da biblioteca municipal e a obter información sobre os seus servizos e sobre os procedementos de utilización. O exercicio dese dereito, é libre e gratuíto.

*Artigo 9.—Obrigas dos usuarios da biblioteca*

- A consulta en sala poderá realizarse por calquera persoa sen necesidade de ser socio da biblioteca.

- As persoas que utilicen os servizos das bibliotecas están obrigadas:

- A respectaren os dereitos dos outros usuarios.

- A axustaren a súa conducta ós principios democráticos de convivencia, ás disposicións que contén este regulamento e ás instrucións, que en execución del, dicten as autoridades municipais ou lles dean os traballadores responsables das bibliotecas.

- A preservaren a integridade dos libros, materiais e instalacións das bibliotecas e a faceren un uso adecuado deles.

- Os fondos bibliográficos serán de libre acceso a excepción dos contidos nos depósitos que se poderán consultar a través dos catálogos.

- Os fondos audiovisuais atoparanse clasificados e, para o seu uso, consultaranse os inventarios que estarán a disposición do público.

- O persoal responsable da biblioteca adoptará as medidas precisas para garantir a boa orde nas salas de lectura e poderá excluír delas ás persoas que, por calquera motivo, a alteren.

- Non está permitido comer nin fumar nas salas, así como tampouco non está permitida a entrada de bolsos de grande tamaño, mochilas ou similares que deberán deixarse na entrada da biblioteca, non facéndose responsable o persoal en ningún caso.

- Os teléfonos móbiles deberán permanecer apagados.

*Artigo 10.—Uso dos equipos informáticos na sala*

- O usuario deberá ser socio da biblioteca e ter cumpridos os 7 anos de idade para a utilización dos equipos informáticos.

- O acceso a internet non estará permitido a menores de 16 anos, agás cando os pais ou titores dean a súa conformidade por escrito ó persoal da biblioteca.

- Non estará permitido o chateo, xa que o uso fundamental será a busca de información ou temas culturais.

- Cando existan varios usuarios demandantes dos equipos informáticos, o tempo máximo de uso será de 30 minutos, ata que volvan quedar libres os equipos.

- Os usuarios deberán traer folios para realizar as impresións de documentos.

- Se algún usuario se aparta destas directrices, o persoal da biblioteca poderá rematar a sesión do usuario.

*Artigo 11.—Do carné de socio*

- Para se poder beneficiar do servizo de préstamo individual e uso de equipos en sala o usuario deberá dispor dun carné de socio.

- Para obter o carné de socio será preciso presentar unha solicitude, coa que se achegara unha fotocopia do documento nacional de identidade se é que a persoa esta obrigada a telo, ou documento equivalente e unha fotografía.

- O carné de socio é persoal polo que, por norma xeral non se poderán levar libros con carnés doutros usuarios con excepción feita daqueles que traian un permiso xustificado para tal fin e os pais de menores de 10 anos que poderán retirar libros cos carnés dos seus fillos sempre que vaian dirixidos a ditas idades.

- O primeiro carné será gratuíto, pero en caso de perda o usuario pagará un euro para obter unha segunda copia.

- Os socios comprométese a notificar os cambios de identidade, enderezo ou teléfonos que poñan ter desde o momento de faceren o carné de socio.

*Artigo 12.—Préstamos a domicilio*

- Os socios da biblioteca poderán levar en préstamo os fondos bibliográficos ou audiovisuais, se é o caso, mediante a presentación do carné de socio.

- Cada socio poderá levar 3 libros e 2 documentos audiovisuais. Os libros prestaranse por un prazo máximo de 15 días. Cando o número de páxinas sexa importante ou debido a algunha dificultade engadida ou causa xustificada, o usuario poderá renovar o prazo de préstamo por un período de 10 días, sempre a criterio do responsable da biblioteca. Os documentos audiovisuais prestaranse por un período dunha semana.

- Quedan fora do dereito a préstamo:

- As enciclopedias e dicionarios e, en xeral, os de consulta frecuente.

- Os exemplares raros e de particular interese histórico, artístico e bibliográfico.

- Os exemplares únicos de custosa reposición.

